



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA**, portavoz e deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

### SOLICITUDE

O pleno da Deputación de Ourense do 29 de xuño de 2018 aprobou unha modificación do contrato de concesión para a explotación do estacionamento para vehículos en terreos anexos ó Hospital Santa María Nai, con efectos do 1 de xullo de 2018, no relativo ás tarifas do servizo e ó canon concesional, mediante o cal quedaron estipulados os seguintes prezos no relativo ás tarifas xerais:


- Primeiros 30 minutos: 0,00 €/minuto.
- Seguintes 30 minutos: 0,025 €/minuto.
- Resto do tempo: 0,020 €/minuto.

O grupo provincial socialista ten constancia de que o venres 6 de xullo de 2018, seis días depois da entrada en vigor das novas tarifas, a empresa concesionaria cobrou 0,80 € por unha estancia de 20 minutos entre as 9.08 e as 9.28 horas, incumprindo manifestamente as condicións estipuladas no contrato de concesión con efectos do 1 de xullo de 2018. Ante estes feitos, solicítase:

- 1º. Informe técnico do servizo competente que determine:
  - Canto tempo leva incumprindo o contrato a empresa concesionaria.
  - Número de usuarios e usuarias afectados desde o 1 de xullo de 2018.
  - Importe dos cobros indebidos realizados pola empresa concesionaria desde o 1 de xullo de 2018.
- 2º. Informe técnico do servizo competente sobre as consecuencias legais e a posibilidade de aplicación de sancións ante este flagrante incumprimento do contrato de concesión do aparcadoiro.
- 3º. Que a Deputación de Ourense informe públicamente á cidadanía que está a pagar tarifas fóra das reguladas polo contrato de concesión do aparcadoiro desde o día 1 de xullo de 2018, do seu dereito a solicitar a devolución destes cobros indebidos.

En Ourense, a 9 de xullo de 2018

Asinado: Francisco José Fraga Civeira



**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

[www.psdegpsoddepourense.es](http://www.psdegpsoddepourense.es)

[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

Facebook: PSdeGDepOU

Twitter: @PSdeGDepOU